



RESOLUCIÓN DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MAR EN VIGO, POLA QUE SE PUBLICA A LISTA ABERTA PARA O INCREMENTO DE COTAS DE CAPTURA PARA AS EMBARCACIÓNS INCLUÍDAS NO PLAN DE XESTIÓN DO RECURSO ESPECÍFICO SOLÉNIDOS MEDIANTE MERGULLO EN APNEA E CON SUBMINISTRACIÓN DE AIRE DESDE SUPERFICIE DA CONFRARÍA DE PESCADORES DA ILLA DE AROUSA E AS EMBARCACIÓNS EXCLUÍDAS DO PROCESO

ANTECEDENTES

1. A Orde do 19 de decembro de 2024 aproba os plans de xestión para recursos específicos e algas en Galicia para o trienio 2025-2027.

De conformidade co expediente de aprobación do plan de xestión de solénidos coa modalidade de mergullo en apnea e subministro de aire dende superficie, da confraría de pescadores da Illa de Arousa (PE401A 2024/9-5), estableceuse un número máximo de 18 embarcacións con 40 mergulladores habilitados.

Unha vez finalizado o proceso de renovación dos recursos específicos para os anos 2025-2027 hai dezaioito (18) embarcacións e trinta e oito (38) mergulladores que exercen a actividade extractiva de solénidos neste plan.

Na ficha do plan aprobado indícase que poderán cubrirse as vacantes producidas (primeiro semestre do ano) ata acadar o número máximo no plan, sen exceder 3 cotas por embarcación.

2. Os técnicos da Consellería do Mar non atopan impedimento á cobertura destas vacantes.

3. Con data 14.05.2025 se lle informa á Confraría de pescadores da Illa da Arousa, que este Departamento Territorial procederá acordar, mediante resolución, a apertura do prazo de presentación de solicitudes para a elaboración de listas, e no caso de querer presentar as observacións ou alegacións que considere oportunas, deberá facelo coa maior brevidade.

A confraría non presentou observacións ou alegacións algunhas ao inicio da elaboración de listas.

4. Mediante Resolución do 29 de maio de 2025 o Departamento Territorial da Consellería do mar en Vigo abriu o prazo de presentación de solicitudes para a elaboración da lista aberta para o incremento do número de cotas de captura das embarcacións incluídas no plan de xestión de solénidos co modalidade de mergullo en apnea e subministro de aire dende superficie, da Confraría de pescadores da Illa de Arousa.

5. Transcorrido o prazo indicado no punto anterior, non se presentaron alegacións á puntuación provisional outorgada.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. A Orde do 30 de decembro de 2015 pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia determina nos seus artigos 39 a 46, o procedemento para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas nun plan de xestión. No seu artigo 39 establece un sistema de lista

Departamento Territorial de Vigo
Rúa Concepción Arenal, 8-4º andar
36201 Vigo (Pontevedra)
Tel.: 986817104
recursosmarinos.cmm.vigo@xunta.gal



aberta para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas nun plan de xestión na que a orde de prelación das embarcacións virá determinado pola puntuación obtida trala aplicación do baremo previsto no artigo 43.1.

2. As embarcacións admitidas están incluídas no plan de xestión de solénidos da Confraría da Illa de Arousa e cumpren os requisitos para participar no sistema de listas para o incremento do número de cotas de captura do recurso específico da solénidos (artigos 41 e 42 da Orde do 30 de decembro de 2015).

3. Todas as solicitudes foron valoradas de acordo co baremo aprobado pola Resolución do 4 de maio de 2016, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro pola que se aproba o baremo para acceder ás modalidades de recursos específicos no permiso de explotación das embarcacións, así como para elaborar as listas e actualizar os méritos para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas nun plan de xestión de recursos específicos, modificada pola Resolución do 18 de maio de 2020 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.

4. No punto 4 do artigo 39 da Orde do 30 de decembro de 2015, establécese que as listas permanecerán abertas permanentemente para que as persoas armadoras de embarcacións interesadas incluídas no plan de xestión poidan solicitar a inscrición.

5. De acordo co artigo 45 da Orde do 30 de decembro de 2015, as persoas armadoras de embarcacións xa inscritas nas listas poderán actualizar os méritos, o que levará á correspondente modificación da puntuación, de ser o caso.

As solicitudes de actualización polas persoas armadoras das embarcacións realizaranse no mes de xaneiro segundo o modelo que figura como anexo VI da Orde do 30 de decembro de 2015, e achegando a documentación que acredite os méritos establecidos no baremo que desexen actualizar.

A actualización dos méritos será efectuada anualmente polo departamento territorial no primeiro cuadrimestre de cada ano.

6. No caso de que se efectúe a transmisión do permiso de explotación dunha embarcación inscrita na lista, a embarcación causará baixa nesta. Para a súa inclusión, a nova persoa armadora deberá presentar unha nova solicitude de inscrición na lista ao obxecto de actualizar os méritos para a nova persoa armadora no momento en que se autorice a transmisión do permiso de explotación.

7. Este departamento territorial é o órgano competente para a elaboración e o control das listas, así como para a súa actualización e para comunicar o seu emprego de conformidade co establecido na sección 4ª do capítulo III e o artigo 52 da Orde do 30 de decembro de 2015, pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

De acordo con todo o anterior e co establecido na base 2.1 do anexo A da Resolución do 29 de maio de 2025 pola que se abriu o prazo de presentación de solicitudes para a elaboración da lista aberta, este departamento territorial.





RESOLVE:

1. Aprobar e facer pública a lista aberta coas puntuacións obtidas por cada unha das embarcacións admitidas, para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas no plan de xestión para o recurso específico de solénidos mediante mergullo en apnea e con subministración de aire desde superficie, da confraría de pescadores da Illa de Arousa (anexo I)

A presente resolución publicarase no taboleiro de anuncios do Departamento Territorial de Vigo e na páxina web <http://mar.xunta.gal>. A resolución tamén se exporá, con carácter informativo no taboleiro de anuncios das xefaturas comarcais de Pontevedra e Vilagarcía e da confraría de pescadores.

De conformidade co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro de 2015), contra esta resolución que non esgota a vía administrativa, poderán interpor recurso de alzada ante a Consellería do Mar no prazo dun (1) mes a contar dende o día seguinte o da súa notificación.

A directora territorial
María Elena Suárez Sarmiento



ANEXO I

CONFRARÍA DE PESCADORES DA ILLA DE AROUSA

LISTA ABERTA PARA O INCREMENTO DE COTAS DE CAPTURA PARA AS EMBARCACIÓNS INCLUÍDAS NO PLAN DE XESTIÓN DE SOLÉNIDOS
(ordeadas por orde de puntuación e alfabeticamente)

Embarcación	Matrícula/Folio	Embarcación cunha só cota de captura C.1	Experiencia profesional armador C.2	Habitualidade da actividade pesqueira C.3	Total
ESPERA	VILL-4-1733	5,00	0,80	0,00	5,80
FAVORITA	VILL-3-7510	0,00	0,00	2,00	2,00

Os epígrafes de cada columna son: (de acordo co apartado C do anexo I da Resolución do 4 de maio de 2016, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, polo que se aproba o baremo para acceder ás modalidades de recursos específicos no permiso de explotación das embarcacións, así como para elaborar as listas e actualizar os méritos par o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas nun plan e xestión de recursos específicos, modificada pola Resolución do 18 de maio de 2020, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro)

Total: puntos acadados en total.

C1: Embarcacións que só teñen unha cota de captura no plan de xestión: 5 puntos.

C2: Experiencia profesional no sector da persoa armadora da embarcación. Terase en conta que a persoa armadora estivese enrolada con mergullador (con acreditación) en embarcacións que contan coa modalidade nos 2 anos anteriores á data da convocatoria: 0,2 puntos/mes completo.

A puntuación máxima total que se poderá obter nesta epígrafe será de 4 puntos.

C3 Habitualidade da actividade pesqueira.

– Se a embarcación acredita ter realizado actividade extractiva entre 15-35% dos días que foron efectivamente autorizados para a extracción dentro do plan de xestión do ano natural inmediatamente anterior: 1 punto.

–Se a embarcación acredita ter realizado actividade extractiva entre 35,01-60% dos días que foron efectivamente autorizados para a extracción dentro do plan de xestión do ano natural inmediatamente anterior: 2 puntos.

- Se a embarcación acredita ter realizado actividade extractiva superior a un 60,01% dos días que foron efectivamente autorizados para a extracción dentro do plan de xestión do ano natural inmediatamente anterior: 3 puntos.

A puntuación máxima total que se poderá obter nesta epígrafe será de 3 puntos

Departamento Territorial de Vigo
Rúa Concepción Arenal, 8-4º andar
36201 Vigo (Pontevedra)
Tel.: 986817104
recursosmarinos.cmm.vigo@xunta.gal

